

ALVARELLOS REÚNE NUN VOLUME OS 72 ESCRITOS DE OTERO PEDRAYO PARA *VIDA GALLEGA*, INÉDITOS EN LIBRO

- A obra leva por título *Teoría de Galicia* e forma parte da Colección Rescate desta editorial.
- Aparecen, por primeira vez desde a súa publicación na revista, a totalidade dos traballos que o Patriarca das Letras Galegas publicou nesta histórica cabeceira durante casi 40 anos.
- O volume, de 400 páxinas, conta cun limiar do profesor Marcos Valcárcel e coa reprodución de manuscritos inéditos e fotografías da época.

Alvarellos Editora publica o tomo sexto da súa Colección Rescate coa edición, por primeira vez en libro, de toda a obra xornalística de Ramón Otero Pedrayo para a revista *Vida Gallega*, unhas colaboracións esquecidas que se remontan ao ano 1926 e que chegaron, catro décadas despois, até 1963.

Trátase do volume titulado *Teoría de Galicia. Obra xornalística en Vida Gallega, 1926-1963*, un libro de 400 páxinas, escrito en galego e castelán, onde se reúnen 72 escritos de temática e xénero variados: de prosas líricas a crónicas da época, pasando por ensaios e mesmo relatos de ficción. A visión conxunta de todos eles enxerga efectivamente toda unha teoría de Galicia e son unha mostra da monumental prosa oteriana e da enorme capacidade intelectual do Patriarca das Letras Galegas.

A obra conta cun amplo estudo introdutorio a cargo do profesor, historiador e escritor ourensán Marcos Valcárcel, titulado "Otero Pedrayo no xornalismo galego". Nel afirma:

En *Teoría de Galicia* atopamos todo o mundo de Otero en pequenas doses (...). Na revista *Vida Gallega* hai dous rexistros diferenciados: os artigos publicados na primeira época, entre 1926 e 1930 (...) son na súa maioría prosas líricas ou ideolóxicas, inzadas dun latexante galeguismo, e textos de reflexión sobre a esencia de Galicia e as súas visións da paisaxe, da historia ou da tradición. Na segunda etapa, a comprendida entre 1954 e 1963, como é lóxico a presenza de contidos especificamente galeguistas ou de maior carga ideolóxica é moito menor, pero Otero Mantén as liñas estruturais básicas do seu discurso: fale das vendimas no Ribeiro, ou da forza do mar na costa de Muxía, ou das festas do Corpus na súa cidade natal, os elementos fundamentais do mundo oteriano estarán sempre presentes.

Á parte dos textos recóllense neste volume fotografías da época e, sobre todo, varios manuscritos inéditos do autor. A súa incorporación é especialmente significativa, pois neles o lector poderá comprobar o verdadeiro fluír da prosa de don Ramón: as ideas semellan ter agromado nidias –non hai borróns– e abundantes como emerxidas dun manancial.

O AUTOR

Don Ramón Otero Pedrayo (Ourense 1888-1976) foi o máis grande construtor da identidade galega. Catedrático de Xeografía e Historia, integrante da Xeración Nós, deputado na II República... O seu saber monumental e a súa extraordinaria capacidade oratoria convertérono, xa en vida, no Patriarca das Letras Galegas. “Abrazarte a ti é abrazar Galicia”, dixo del Castelao. Como columnista de prensa foi o primeiro en escribir habitualmente en galego.

FICHA TÉCNICA

Páxinas: 400

Lingua: Galego (50%) e castelán.

PVP 20 €

Medidas: 13,5cm x 20,5 cm

Primeira edición: Marzo, 2007

ISBN 978-84-89323-11-7

Encadernación: Tapa dura

Colección Rescate

Estudo introdutorio: Marcos Valcárcel

Ilustracións: varios manuscritos inéditos do autor a fotografías da época.

[Máis información en: www.alvarelos.info]



Rúa das Arribadas 7, 1ºC
15706 SANTIAGO (GALICIA)
www.alvarelos.info
Tel: 609 90 88 52